

## 11.MAIO. LG. Ler, aprender, coller ideas...non precisa imprimir

**Bo día.** Esta semana tentarei facer unha nova rolda de chamadas(xa sabedes que son con nº oculto). De todas formas sabedes tamén que tedes liberdade absoluta para non responder ou incluso indicarmo por correo...sen necesidade ningunha de explicar razón. Hai un novo **pdf dun caderniño de LG**, que me solicitaran algunhas familias, **non obligatorio**, só por se a algún lle apetece ou quere gardalo para máis adiante

**RAPACES E RAPAZAS...ESTA SEMANA TÓCALLE DARLLE Á LINGUA GALEGA UNHA ATENCIÓN ESPECIAL...POR QUE??**

### LEMBRADES QUE SE CELEBRA O 17 DE MAIO? QUEN É O ESCRITOR HOMENAXEADO ESTE ANO 2020?

Ben, pois para ler, aprender e facer as actividades desta semana podedes mirar neste documento ou... ir á páxina web do colexio e na parte dereira, onde están os blogs premedes no **BLOG DE EDNL**...Aí atoparedes unha chea de **información, videos, propostas, actividades interactivas**...para o que vos toca aprender esta semana.

Para os que tedes algún problemas con internet, mirades neste documento .É unha pequena parte desas actividades pero chegaríavos .

**\*\*\*QUE HAI QUE FACER E ENTREGAR?** ( enviar para gardar e correxir ou tamén publicar cando o teñades ao correo de [quintogandara@gmail.com](mailto:quintogandara@gmail.com) )

**1ª Opción**--- Investigar na web do colexio e completar as actividades desta páxina.

**2ª Opción**---Investigo na web e elixo as actividades (entre as propostas) para enviar.

**3ª Opción**---Investigo e aprendo na web...Elixo un papel, cartolina, cartón dunha caixa...

---Por un lado fago un debuxo (feito con moito coidado, podo inspirarme nalgún dos que vexo aquí ou que teñan relación co autor ou co día das Letras Galegas)


---Pola cara de atrás, escribo un parágrafo dalgunha obra de Carballo Calero ou un poema de calquera outro autor ou autora galego-a.

---Agora tedes dúas opción para entregar: unha foto por cada cara ou un video léndoo.

**4ª Opción**---Ademais dunha das tarefas anteriores podedes enviar un audio dunha lectura dalgún escritor ou escritora galegos.



**ANÍMATE A CELEBRAR A NOSA LINGUA!!!**



**QUE PROPOSTA VOUME ATOPAR??**

## SORPRÉNDETE A TI MESMO/A , SORPRÉNDEME A MIN, SORPRENDE ÁS TÚAS COMPAÑEIRAS E COMPAÑEIROS!!

ENVÍA A TÚA TAREFA CON INTERÉS NA SÚA PRESENTACIÓN. COIDA A LIMPEZA, ORDEN, ORTOGRAFÍA, VOCABULARIO E OS TEUS DEBUXOS.



### O BUSCADOR DE LIBROS

Ricardo Carballo Calero nunca se converteu en mariño, como imaxinara de mozo, pero embarcouse noutro proxecto titánico: investigar a vida e obra de centos de homes e mulleres que escribiron libros en galego. O resultado é un volume publicado en 1963 e que aínda hoxe constitúe unha referencia para o estudo das nosas letras, *Historia da literatura galega contemporánea*. O propio autor foi moi consciente da importancia deste traballo:

*Dende o día do ano 1953 –se non me trabuco- en que Ramón Piñeiro me visitou en Fingoi para solicitar de min formalmente que me puxese –como inmediatamente fixen- mans a esta obra, a historia da literatura galega, a historia de Galiza e a miña propia humilde historia atravesaron tantos días e traballos.*

Dende que Carballo Calero comezou a súa investigación ata que o volume chegou ao prelo pasaron nada menos que dez anos. Sacouno adiante nunha época na que non contaba con ordenadores e na que era difícil imaxinar un mundo con Internet!

Como o conseguiu?

Para poder levar a cabo a tarefa contaba con colaboradores que lle enviaban libros dende aquí e alén das nosas fronteiras. O resultado daquela tarefa en rede posibilitou o primeiro grande estudo sobre a literatura galega.



**Ramón Piñeiro (1915-1990)** foi un dos intelectuais galeguistas máis destacados do seu tempo. Filósofo, ensaísta e político, participou en 1950 na fundación da editorial Galaxia.

### ACTIVIDADE

Hoxe, grazas á tecnoloxía, resulta moito máis doado acceder á información. Queremos poñer a proba a túa capacidade investigadora. Serías quen de recoller información sobre a vida e a obra dalgúns escritores e escritoras do teu concello ou da túa comarca?



A *Historia da literatura galega contemporánea* tamén definía o que entendía como literatura galega:

*Tecnicamente, é o idioma empregado o que caracteriza as distintas literaturas. (...) Nin o nacemento do autor nin os ambientes descritos son criterios axeitados para determinar a inclusión das obras dentro dos marcos dunha ou doutra literatura.*

Imos comprobalo cun exemplo:



Sabes a quen pertencen os versos anteriores? A un dos grandes poetas do século XX: o granadino Federico García Lorca. En 1935 publicou *Seis poemas galegos*. Esta obra, como non podía ser doutro xeito, tamén figura no libro de Carballo Calero, porque é parte do noso patrimonio cultural.

## ACTIVIDADE

. A ver se sabes cales son. Tres destas recoñecidas autoras non naceron en Galicia, pero forman parte da nosa literatura



Hai tres autores que gozan dun espazo especialmente destacado Eduardo Pondal e Manuel Curros Enríquez

Ledicia Costas

Marilar Aleixandre

LUZ POZO Garza

María Victoria Moreno

ÚRSULA HEINZE

CHUS PATO

## ACTIVIDADE

Sabes quen escribiu cada unha destas estrofas?

Que din os rumorosos?  
na costa verdecente  
ao raio transparente  
do prácido luar?

ADIÓS rios, ADIÓS fontes,  
ADIÓS regatos pequenos,  
ADIÓS vista dos meus ollos  
Non sei cando nos veremos.

Aí vén o maio  
de FRORES cuberto...  
puxéronse á porta  
cantándolle os nenos



J C H E R R E R A  
 S J G A R R I D O  
 C U E V I L L A S  
 O Y A R D E P E Z  
 Z O A L E T S A C  
 K A Ñ O N S R H Q  
 G O V T A E U B M  
 Y P N A V I O X O  
 O F F D B D U Z K

## ACTIVIDADE

E poñémosche unha proba máis. Busca nesta sopa de letras os apelidos destoutros autores e autoras que tamén aparecen na *Historia da literatura* de Carballo Calero.

Rafael DIESTE

Daniel CASTELAO

Francisca Herrera

Garrido Otero PEDRAYO

Florentino L.CUEVILLAS


Francisco AÑÓN

Filomena DATO

Aínda que xa outras persoas escribiran antes sobre os escritores e escritoras galegos, a obra de Carballo Calero destaca por ser a primeira que ordena e analiza a literatura galega dende o século XIX. Nas décadas seguintes chegaron outros manuais que continuaron o camiño aberto por el, aínda hoxe recoñecido como o gran mestre neste campo.

Hai a quen lle pode parecer pequena, pero a literatura galega foi quen de acadar metas moi importantes. Sabías que...

- A novela *O lapis do carpinteiro* (1998) de Manuel Rivas está traducida a máis de vinte idiomas.
- A lírica galego-portuguesa é unha das expresións literarias máis sobresaíntes da Idade Media.
- En 1961 Xosé Neira Vilas publicou *Memorias dun neno labrego*, dende aquela calcúlase que se venderon máis de 700.000 exemplares en todo o mundo.
- A Unión Astronómica Internacional bautizou co nome de Rosalía de Castro unha estrela que se atopa a 240 millóns de anos luz do noso planeta.
- A literatura galega estúdase en universidades de todo o mundo: Alemaña, Estados Unidos, Rusia, Suíza, Polonia, Italia, Brasil, Irlanda, Finlandia...



REAL  
ACADEMIA  
GALEGA

